



CONCELLO DE REDONDELA

1. ACERTADAS _____ X _____ = _____

2. ERRADAS _____ X _____ = _____

3. SEN RESPONDA _____

CUALIFICACIÓN

1 – 2 =

1.- De acordo co art. 23.3 da LSG, cantos tipos básicos de núcleos rurais existen?

- a) 4
- b) 2
- c) 1
- d) 3

2.- De acordo co art. 26.1 da LSG cal das seguintes actuacións está prohibida no núcleo rural:

- a) Demolición de construcións que non presenten un especial valor arquitectónico, histórico ou etnográfico.
- b) Naves industriais
- c) Pequenas construcións artesanais ou para autoconsumo
- d) Movementos de terras que non supoñen unha agresión ao medio rural ou que non varíen a morfoloxía da paisaxe do lugar.

3.- De acordo co art. 31.1.c) da LSG os terreos que o plan xeral ou os instrumentos de ordenación do territorio non xulguen axeitados para o desenvolvemento urbanístico, considerando os principios de utilización racional dos recursos naturais ou de desenvolvemento sustentable teñen a condición de:

- a) Solo urbano consolidado
- b) Solo rústico
- c) Solo urbano non consolidado
- d) Solo urbanizable

4.- De acordo coa LSG, cando un terreo, polas súas características poida corresponder a varias categorías de solo rústico cal é o réxime de aplicación:

- a) aplicarase o réxime de maior protección
- b) atenderase ao principio de especialidade da clasificación
- c) seguirase a orde de preferencia establecido na LSG
- d) aplicaranse os distintos réximes de forma complementaria



CONCELLO DE REDONDELA

5.- De acordo co art. 40 da LSG aplicarase o réxime de edificacións existentes de carácter tradicional ás seguintes categorías de solo

- a) Núcleo rural e solo rústico
- b) Calquera categoría de solo
- c) Solo rústico
- d) Ningunha das anteriores é correcta

6.- De acordo co art. 92 da LSG as construcións e cerramentos que se constrúan con obra de fábrica, vexetación ornamental ou outros elementos permanentes en zonas non consolidadas pola edificación terán que desprazarse do eixe da vía pública á que dean fronte un mínimo de:

- a) 4 metros
- b) 5 metros
- c) 6 metros
- d) 4 metros agás que o instrumento de ordenación urbanística estableza unha distancia superior

7.- De acordo co art. 40 da LSG a ampliación das edificacións tradicionais existentes

- a) Non está permitida
- b) Está suxeita ao cumprimento de todos os parámetros urbanísticos aplicables
- c) Está suxeita ao cumprimento de todos os parámetros urbanísticos aplicables agás o límite de altura
- d) Ningunha das anteriores é correcta

8.- De acordo co art. 60.16 da LSG quen aproba o plan xeral de ordenación municipal nos concellos con poboación inferior a 50.000 habitantes?

- a) O Concello
- b) O Concello e a Xunta de Galicia conxuntamente
- c) A consellería competente en materia de urbanismo
- d) Ningunha das anteriores é correcta

9.- De acordo co art. 136.4 da LSG no caso de incumprimento dunha orde de execución, a administración municipal procederá á execución forzosa mediante a imposición de multas coercitivas de 1.000 a 10.000 euros, reiterables trimestralmente, sen que en ningún caso poidan superar individualmente ou no seu conxunto:

- a) O 50% do custo de reposición da edificación
- b) O 75% do custo de reposición da edificación
- c) O 85% do custo de reposición da edificación
- d) Ningunha das anteriores é correcta



CONCELLO DE REDONDELA

10.- De acordo co art. 138.1 da LSG cando un inmoible se inclúe no Rexistro de Soares en que prazo máximo deberá o Concello sacalo a poxa pública

- a) Un ano
- b) Dous anos
- c) Tres anos
- d) Catro anos

11.- De acordo co art. 47.1 da LSG os órganos competentes para a aprobación inicial dos instrumentos de planeamento urbanístico poderán acordar a suspensión do procedemento de outorgamento de licenzas de parcelación de terreos, edificación e demolición para áreas ou usos determinados, co fin de estudar a súa formulación, revisión ou modificación. Esta suspensión extinguirase en todo caso, no prazo de:

- a) Un ano
- b) Dous anos
- c) Tres anos
- d) Catro anos

12.- De acordo co art. 141.2 da LSG procederá a declaración de situación legal de ruína no seguinte suposto:

- a) Cando o custo das obras necesarias exceda do custo de reposición da edificación ou dunha nova construción
- b) Cando o custo das obras necesarias sexa inferior ao custo de reposición da edificación ou dunha nova construción excluído o valor do solo
- c) Cando o custo das obras necesarias exceda a metade do custo de reposición da edificación ou dunha nova construción con características similares, excluído o valor do solo
- d) Ningunha das anteriores é correcta

13.- Cal dos seguintes actos non está suxeito a licenza municipal de acordo co art. 142 da LSG:

- a) primeira ocupación dos edificios
- b) demolicións derivadas de resolucións de expedientes de restauración da legalidade urbanística
- c) grandes movementos de terras
- d) explanacións

14.- De acordo co art. 143.2 da LSG as peticións de licenza resolveranse no prazo de:

- a) o prazo que se determine reglamentariamente
- b) un mes
- c) tres meses
- d) seis meses



CONCELLO DE REDONDELA

15.- De acordo co art. 144.1 da LSG os actos de edificación e uso do solo e do subsolo realizados en terreos de dominio público

- a) Necesitan as autorizacións ou concesións preceptivas previas por parte do titular do dominio público
- b) Non están suxeitos a licenza urbanística
- c) Necesitan a previa aprobación do proxecto de execución
- d) Están suxeitos ao réxime de autorización autonómica

16.- De acordo co art. 145.1 da LSG, parágrafo segundo, o prazo de iniciación das obras suxeitas a licenza de edificación nos supostos no que esta no fixe outro prazo será de:

- a) catro meses
- b) dous meses
- c) tres meses
- d) seis meses

17.- De acordo co art. 145.4 da LSG, como se declara a caducidade dunha licenza:

- a) polo transcurso dos prazos de iniciación ou de remate das obras sinalados na licenza
- b) automaticamente polo transcurso do prazo dun ano
- c) polo transcurso dous prazos legais e logo dun procedemento con audiencia ao interesado
- d) ningunha das anteriores é correcta

18.- De acordo co art. 147.2 da LSG as obras municipais:

- a) enténdense autorizadas polo acordo de aprobación do proxecto
- b) deberán ser autorizadas pola consellería competente en materia de urbanismo
- c) están suxeitas igualmente a licenza urbanística ou comunicación previa
- d) ningunha das anteriores é correcta

19.- De acordo co art. 152.3.c) da LSG se as obras ou os usos non se axustan ás condicións sinaladas no título habilitante, ordenaráselle á persoa interesada que as axuste no prazo de:

- a) seis meses prorrogables por outros tres por petición da persoa interesada, sempre que a complexidade técnica ou a envergadura das obras que haxa que realizar o xustifique
- b) seis meses prorrogables por outros seis por petición da persoa interesada, sempre que a complexidade técnica ou a envergadura das obras que haxa que realizar o xustifique
- c) tres meses prorrogables por outros tres por petición da persoa interesada, sempre que a complexidade técnica ou a envergadura das obras que haxa que realizar o xustifique
- d) tres meses improrrogables



CONCELLO DE REDONDELA

20.- De acordo co art. 156.2 da LSG a quen corresponde a adopción das medidas necesarias para a paralización das obras e actividades en execución:

- a) Á Axencia de Protección da Legalidade Urbanística
- b) Á Consellería competente en materia de urbanismo.
- c) Á Administración competente por razón da materia
- d) Á persoa titular da alcaldía

21.- A Illa de San Simón é un lugar emblemático que entronca directamente ao municipio de Redondela coa historia medieval de Galicia. A enseada forma parte da Rede Natura 2000 como hábitat natural europeo protexido e foi declarado BIC pola Xunta de Galicia. Saberías indicar en que ano?

- a) 1950
- b) 1955
- c) 1960
- d) 1999

22.- O municipio de Redondela esta conformado por 13 parroquias cada unha coas súas singularidades e unha morea de barrios e lugares. Poderías indicar que barrios pertencen á parroquia de Negros?

- a) Carballiño, Casal do Monte, Padrón, Negros.
- b) A Igrexa, Cidadelle, Negros
- c) Fixón, A Igrexa, Pregal, Negros
- d) Fixón, A Igrexa, Negros, Quinteiro

23.- Unha empresa de espectáculos públicos pretende levar a cabo un concerto para máis de 300 persoas nunha parroquia de Redondela instalando a tales efectos un escenario con estrutura móbil. Que deberá presentar para obtención do título habilitante de acordo co artigo 41 da Lei 9/2013, de 19 de decembro do Emprendemento e da Competitividade económica de Galicia?

- a) Comunicación Previa coa documentación técnica acreditativa que xustifique o que se pretende.
- b) Comunicación Previa con declaración de incidencia ambiental favorable.
- c) Solicitará licenza municipal
- d) Presentará a inscrición no Rexistro Galego de actividades recreativas que supón xa a autorización administrativa.

24.- A lei 9/2013 do 19 de decembro, do Emprendemento e da Competitividade económica de Galicia estableceu un réxime xurídico único no exercicio das actividades modificando tamén a regulación das licenzas de obra e establecendo un réxime xeral. Como se denomina esta tramitación administrativa?

- a) Declaración Responsable, con carácter xeral, con licenza de obras.
- b) Comunicación Previa, con carácter xeral, eliminando as licenzas municipais tanto de obra como de actividade.
- c) Licenza municipal de obras con Declaración Previa de actividade.
- d) Comunicación Previa de obras e licenza de apertura de actividades.



CONCELLO DE REDONDELA

25.- No concello de Redondela preténdese a instalación dunha nave de 1500 m². para desenvolvemento dunha actividade incluída no catálogo das sometidas a incidencia ambiental. A tales efectos, a empresa titular da solicitude presenta no rexistro municipal a documentación para levar a cabo a instalación. Que documentación sería a correcta?

- a) Comunicación Previa de actividade con obras.
- b) Licenza de obras con solicitude de Declaración de Incidencia Ambiental.
- c) Autorización Incidencia Ambiental favorable e Comunicación Previa de actividade con licenza de obras.
- d) Licenza de obras e Declaración responsable de actividade.

26.- A Ordenanza Regulamentadora da intervención urbanística municipal en obras e actividades regula no seu artigo 14 os actos de información urbanística. Que efectos ten a mesma?

- a) Ten efecto vinculante para a administración municipal e exime do deber de presentación de Comunicación Previa ou licenza municipal e cabe interposición de recurso contra dela.
- b) Non ten efecto vinculante para a administración municipal e non exime do deber de presentación da Comunicación Previa ou licenza municipal, non cabendo interposición de recurso contra dela.
- c) A información urbanística é un trámite previo á obtención da licenza municipal e contra dela cabe recurso de reposición.
- d) Ten efecto vinculante para o petionario.

27.- A competencia en materia de control das actividades, inspeccións, sanción e demais medidas de control para garantir o exercicio da actividade ou a execución da obra ou instalacións sobre quen recae.

- a) sobre o concello.
- b) sempre sobre as Entidades de certificación e conformidade municipal
- c) sobre o Servizo de Calidade e avaliación ambiental.
- d) ningunha é correcta.

28.- Na parroquia de Trasmañó preténdese levar a cabo unha actuación consistente en gran movemento de terras coa finalidade de construción dun clube de golf con edificio social, piscina e pistas de tenis. Que actuacións se deben realizar antes de comezar as obras?

- a) Presentación de Comunicación Previa con actividade
- b) Solicitude de licenza de obras para o movemento de terras
- c) Solicitude de licenza de obras previa á solicitude da licenza de actividade
- d) Ningunha é correcta



CONCELLO DE REDONDELA

29.- Que se entende por Declaración Responsable?

- a) Documento mediante o que os interesados poñen en coñecemento da administración pública competente os seus datos identificativos e demais requisitos esixibles para o exercicio dun dereito ou inicio dunha actividade, consonte co establecido na normativa de procedemento administrativo.
- b) Documento mediante o que os interesados manifiestan que cumpren cos requisitos establecidos na normativa vixente para acceder ao recoñecemento dun derito ou facultade ou para o seu exercicio, e que dispón da documentación que así o acredita, e que se compromete a manter o seu cumprimento durante o periodo de tempo inherente a dito recoñecemento.
- c) Documento que acredita a posta en funcionamento dunha actividade ou obra.
- d) Documento no que o interesado solicita do concello a visita de comprobación dunha actividade con licenza.

30.- Tras a denuncia dun particular e realizada a acta de inspección urbanística na que consta que a obra non ten licenza, quen decide motivadamente se se incoa expediente de reposición da legalidade?

- a) O Alcalde
- b) O Concelleiro de urbanismo
- c) O Alcalde e Concelleiro de urbanismo
- d) A inspección urbanística

31.- Realizada visita de inspección a unha obra en execución con licenza de obra segundo proxecto básico realizado por técnico competente:

- a) Se deberá levantar acta por canto no ten autorización para o inicio das obras
- b) Pode proseguir as obras por ter licenza
- c) Comunicase ao departamento de urbanismo para que determine si se levanta acta
- d) Debe preguntarse ao Alcalde e Concelleiro de urbanismo se se levanta acta.

32.- A presentación dunha Comunicación Previa produce efectos entre a persoa titular da actividade o establecemento e o concello salvo:

- a) O dereito de propiedade e sen prexucio de terceiros.
- b) en todos os aspectos.
- c) que o interesado este incurso nun procedemento penal.
- d) que o interesado non teña ao día seus pagos coa Facenda Pública.

33.- A construción dun galpón de 16 m² debe tramitarse no concello de Redondela como:

- a) comunicación previa de obras
- b) licenza de obras
- c) comunicación previa de actividade
- d) ninguna de ellas



CONCELLO DE REDONDELA

34.- Como consecuencia da tramitación dun expediente de reposición da legalidade urbanística se debe demoler unha edificación destinada a garaxe de 40 m². Como debe tramitarse o expediente das obras de demolición ante o Concello?

- e) comunicación previa de obras
- f) licenza de obras
- g) comunicación previa de obras e de actividade
- h) ningunha delas

35.- Entre as respostas que se enumeran sinala a correcta:

- e) A parroquia de Vilar de Infesta linda coa de Cesantes
- f) A parroquia de Cesantes linda coa de Chapela
- g) A parroquia de Santo Paio de Arriba linda coa Santo Paio de Abaixo
- h) A parroquia de Cesantes linda coa de San Martiño de Ventosela

36.- En Chapela solicítase a alineación dun solar que da fronte a Avenida de Redondela, estrada nacional 552, ademais de tramitala no Concello deberase solicitar previamente en:

- e) O Ministerio de Fomento
- f) A Diputación Provincial
- g) Na Xunta de Galicia
- h) Ningunha delas

37.- Nunha parcela en Solo urbán Residencial segundo as Normas Subsidiarias se pretende construír unha edificación comercial, sería autorizable?

- e) Si
- f) No
- g) Sería autorizable se na edificación se inclúe a construción dunha vivenda unifamiliar
- h) Ningunha delas

38.- Dentro do Casco Urbano de Redondela segundo as Normas Subsidiarias son de aplicación:

- a) Ordenanza Casco Antigo e Redondela -Vila
- b) Ordenanza Redondela-Vila e Extension do Casco
- c) Ordenanza Extension Casco e Casco Antigo
- d) Ningunha delas

39.- Segundo as Normas Subsidiarias de Planeamiento Municipal en vigor, o voo sobre a alineación está constituído por aqueles elementos que sobresaen na primeira pranta e seguintes, sean pechados ou non, cando o saínte:

- a) É maior a 25 cms.
- b) É maior a 10 cms.
- c) É maior a 50 cms.
- d) Sobresaen sobre a alineación



CONCELLO DE REDONDELA

40.- Nunha obra en construción debe terse a disposición da inspección municipal :

- a) Fotocopia licenza – Proxecto aprobado – Documento alineación e rasante
- b) Fotocopia licenza – Proxecto aprobado
- c) Fotocopia licenza – Proxecto aprobado – Documento alineación e rasante e outra que poida corresponder por razón da obra
- d) Fotocopia licenza

PREGUNTAS DE RESERVA

41.- Nun muro de delimitación dunha parcela que esta composto de 1,50 mts de altura de contención, 1,50 mts de altura de peche, debe tramitarse como :

- d) Comunicación previa
- e) Licenza de obra
- f) Comunicación previa de obra e actividade
- g) Licenza de obra e actividade

42.- Concluída a construción dun edificio no Casco urbano de Redondela Vila, que prazo ten o propietario para retirar os materiais sobrantes, andamios, vallas e barreiras.

- e) Cinco días
- f) Tres días
- g) Dez días
- h) Non hai prazo estipulado

43.- Que órgano e o competente para incoar e resolver expedientes sancionadores pola comisión dunha infracción moi grave prevista na Ley 9/2013 de 19 de decembro do emprendemento e competitividade económica de Galicia :

- a) Xunta de Galicia
- b) O Alcalde
- c) APLU
- d) O Pleno do Concello

44.- Terminadas as obras e instalacións autorizadas coas correspondentes licenzas previas, o titular da licenza pondrá en coñecemento do Concello mediante o oportuno escrito a solicitude de licenza de primeira ocupación no prazo máximo de :

- a) Dez días
- b) Quince días
- c) Un mes
- d) Dous meses

45.- Nunha edificación na Avenida de Vigo, de acordo con Peri de Chapela podese construír 5 prantas, cal é a altura máxima permitida ?

- a) 14 mts
- b) 15 mts
- c) 16 mts
- d) Ningunha delas



CONCELLO DE REDONDELA